

Dacosta, H. (2020). *Carvalho Calero. Vida e obra dun ser polifacético*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Col. LIBROX, 26. 113 pp.

Ricardo Carvalho Calero (Ferrol 1910-Santiago de Compostela 1990) é unha das figuras indiscutíbeis das letras galegas polo seu bo facer como docente, estudoso da literatura e da lingua e creador total. Neste ano 2020, o Día das Letras Galegas vén de recuperar a figura do polígrafo ferrolán, aparecendo nas xanelas das librarías monografías que permiten dar a coñecer a vida e o labor titánico da efeméride. Así pois, foron varias as biografías que viron a luz, entre elas, son de salientar as debidas a Héctor Cajaraville *Ricardo Carvalho Calero. A pegada do compromiso* (Edicións Xerais de Galicia, 2020) e a Charo Baleirón Sóñora, Marta Domínguez Tenreiro e Belén Rodríguez Suárez *De Carballo Calero a Carvalho Calero. Biografía, escolma de textos, guías de lectura, actividades e xogos* (Hércules de Ediciones, 2020), entre outras eloxiadas publicacións que saíron do prelo dedicadas ao protagonista do Día das Letras Galegas 2020.

Súmase a este elenco de nomes o escritor, profesor e investigador Henrique Dacosta, quen nun acertado volume divulgativo titulado *Carvalho Calero. Vida e obra dun ser polifacético* vai debullando de maneira clara e concisa a traectoria vital e profesional do seu coterráneo e autor da monumental *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*, obra que vén a cubrir un oco da historiografía literaria que existía en Galicia.

Ábrese o monográfico, dende o punto de vista textual, cun breve estudo introdutorio que leva por título “Pequena introdución”. Nel, o recoñecido estudoso ferrolán aporta datos da vida e obra do polígrafo que configuran de

maneira rigorosa e sucinta o perfil biográfico e profesional do homenaxeado. Amais disto, deixa clara tamén a motivación que o levou a elaborar este ensaio que non foi outra que dar a Carvalho Calero o recoñecemento que se merece e que considera que é de dereito, véndose na obriga de “ter que facer vindicación dun labor que, sen dúbida ningunha, é digno merecedor de poder pasar a un primeiro plano” (p. 10). A seguir, quen asina o volume inclúe unha breve nota sinóptica na que se enumeran os diferentes eidos cultivados por Carvalho Calero ao longo da súa vida para logo expoñer de maneira clara e directa a finalidade que persegue a monografía, facendo especial fincapé no carácter divulgativo da mesma: “dar a coñecer a obra (copiosísima e diversa) do autor; dar a coñecer a súa interesante biografía; dar a coñecer o carácter de Carvalho Calero” (p. 11).

O centro de atención da monografía abrangue un conxunto de dezaioito epígrafes que dan boa conta da traxectoria vital e profesional dunha das figuras máis relevantes da historia da cultura galega do século XX. O volume organízase en dúas partes claramente diferenciadas, con títulos que anticipan o contido de cada un dos bloques e que rezan así: o primeiro deles intitulado “A vida” e o segundo “A obra”. Na primeira parte do volume vanse artellando os diferentes apartados nos que se van debullando os fitos máis relevantes da vida do autor, dende a súa infancia en Ferrol até o seu pasamento en Compostela, deténdose naquelas experiencias vitais que repercutiron dun xeito ou outro no seu futuro persoal e profesional, entre elas aquelas que o levaron á reclusión como prisioneiro no antigo convento de Santa Úrsula de Xaén. A segunda parte do volume dá boa mostra da multiplicidade de perfís que caracterizan a figura de Carvalho Calero, xa que en palabras do propio especialista e autor do volume: “non houbo xénero ou faceta dentro delas que non chegase a cultivar: poesía, narrativa, teatro, ensaio, crítica literaria, lingüística e filoloxía” (p. 46). O perfil poliédrico do polígrafo queda perfectamente reflectido no conxunto de apartados que conforman este segundo bloque. As oito epígrafes que compoñen este extenso apartado comparten a mesma estrutura formal. En todas elas se comeza ofrecendo unha sumaria explicación da concepción que tiña Carvalho Calero de cada un dos xéneros literarios que cultivou ao longo da súa vida, para logo achegar un detallado e minucioso comentario das obras que marcaron a produción literaria do escritor, incluíndo exemplos tirados das súas obras máis coñecidas. O centro de atención da monografía remata cunhas breves “Notas finais” nas que Dacosta enxalza o xigantesco labor que levou a cabo o escritor durante toda a súa vida,

poñendo de relevo o “inmenso traballo que, de maneira infatigábel, realizou a prol da lingua e literatura galegas” (p. 95) este referente incuestionábel das nosas letras.

Do mesmo xeito e para rematar, convén reparar no amplo apartado de bibliografía de e sobre Ricardo Carvalho Calero que pecha e dá por concluída esta rigorosa e coidadosa monografía. No primeiro marbete ofrécese, por orde cronolóxica, a relación de títulos que compoñen a extensa e intensa produción literaria do polígrafo. No segundo apartado acóllese unha rica e variada nómina de fontes bibliográficas de consulta básica e tamén especializada arredor do mestre e escritor homenaxeado, que serve como ferramenta moi conveniente e útil para calquera lector/a que queira saber máis sobre a vida e obra de Carvalho Calero.

*Carvalho Calero. Vida e obra dun ser polifacético* é, en definitiva, unha obra de consulta imprescindible para lectores e mediadores interesados na figura de Ricardo Carvalho Calero, un referente incuestionábel que conseguiu cano-nizar a historia da literatura galega. Amais de presentarse como un volume-homenaxe a unha das figuras máis senlleiras das nosas letras cuxa “entrega no terreo da investigación, da crítica literaria, da oratoria, da docencia e, por descontado, da creación literaria converteuno nun adañal sen par no mundo da nosa lingua, literatura e filoloxía en xeral” (p. 94), convértese ademais nunha monografía de fácil acceso a familias e a todo o lectorado en xeral interesado nunha das figuras centrais da historiografía galega do pasado século.

Laura Caamaño Pérez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

[<https://orcid.org/0000-0001-7914-5904>]